



XIII. CONCURSO DE CONTOS

REPSOL - YPF

Primeiro Premio en Versión Galega

**Título: "A INCREIBLE HISTORIA DE HUMBERTO ABUNDIO"**

**Autora: BIANCA CID BOUZAS**

**Centro: I.E.S. N° 2 de CAMBRE (A CORUÑA)**

## A INCRIBLE HISTORIA DE HUMBERTO ABUNDIO

**Lema: "bicibo"**

Seica é certo que a *Mars Polar Lander*, esa nave espacial que os americanos mandaron a Marte para ver se hai auga nese mundo, anda perdida polos ceos do planeta vermello. E seica tiña que ter aterrado no polo sur marciano ás 21.15 h. do venres 3 de decembro deste ano, falsamente citado por moitos como derradeiro do século e do milenio. Pero nin aterrou nin se sabe a onde foi parar. Os técnicos da NASA non son quen de contactar coa *Mars*, non reciben sinais e xa a dan por perdida definitivamente. Máis de 26.000 millóns de pesetas andan perdidos polo espacio. ¿Que lles parece?

Vostedes, polos medios de comunicación, xa saben todo isto. Pero vostedes, todos, descoñecen o que eu sei. E, aínda a risco de que me tomen por tola ós meus 15 anos, e se rían de min por decirlles que son testemuña deste documento que asino, heilles contar toda a verdade da *Mars Polar Lander*. É unha alburgada, unha loia, ou, como diría Ánxel Fole, unha historia que ninguén cre.

Nunca esquecerei esa noitiña de aí atrás, así viva máis anos co meu bisavó, que chegou ós 106, e xa é dicir anos. Foi en Lugo. Deixara atrás a rúa do Obispo Aguirre e encaraba a Praza de España cando se deu este suceso. Velaí teñen que, embobada como viña eu escoitando polos auriculares do meu cassette portátil a música dos Heredeiros da Crus, tropecei cun individuo, se cadra un peón como calquera outro. Ía moito frío naquela hora, arredor dos 0° C, e a neve durmía os soños da noite nos montes de Friol, O Corgo e Outeiro de Rei. O tipo aquel viña ben arroupado con prendas de abrigo: gabán, guantes, bufanda, pucha de lá ... E, estrañamente, mesmo unhas gafas, escuras e grandes, acababan por cubrir case por completo cada poro da pel do seu corpo. Sen querer, enfocíñeime contra el e caeu ó chan. Apresureime a pedir perdón pola miña torpeza e foi entón que alí mesmo, entre a néboa mesta e pingona, quedei petrificada. O corazón acelerouseme diante dun estraño e diminuto ser vivo de pel verde, escura e desacougante; de labios inchados e húmidos con tintes da cor do sangue; de ollos extraordinarios, alumeantes coma os dos lobos na noite. Era pequeno e groso

coma un porrón e petaba moito ó andar. E os brazos eran desproporcionados, moi cumpridos, coma ponlas dunha cerdeira de vinte anos. Nunca noutra me vira. E sentín un calafrío seguido dunha rara sensación de vértixe. ¿Quen sería aquel homiño de corpo abotargado e pel de lagarto? Sen acabar de saír do meu pasmo, fría como a noite, o fulano amosoume un pequeno e moderno aparato semellante a un ordenador dos nosos. Na súa pantalla puideron ler o que segue: “Veño doutro mundo e pídoche, por favor, que non me descubras. Quero ser o teu amigo”. Eu, que sempre fun unha nena moi curiosa e moi dada a preguntar polo que non entendo, naquela hora, certo que non souben qué preguntar. Víctima dun indefinible desacougo deixei-me levar polo meu descoñecido a un lugar afastado. O homiño, ou o que queira que aquel individuo fose, non falaba. Emitía uns sons, desusados, semellantes ás queixas dun animal ferido, e logo aparecían traducidos ó galego na pantalla do seu ordenador. “O meu nome é Otrebmuh Oidnuba. Veño dun planeta que pouco máis grande é ca catro veces a Terra Cha, veño do asteroide X-316-WW. Nin son espía nin estou a desenvolver actividades incompatibles co meu estatuto. Ocorre, simplemente, que, por accidente, a nave na que viaxaba caeu nalgún lugar preto desta cidade. Xustamente hoxe cúmplense catro días da miña estancia no teu mundo e, ata que chegaches ti, ninguén me descubrira. Por favor, non reveles a miña identidade. Quero ser o teu amigo”.

Sen saber se cumpriría a miña palabra, prometílle gardar o segredo. Pero tiña que marchar, na casa habían de estar impacientes pola miña tardanza. Non sei o porqué pero ó irme, regaleille un sorriso. El fixo outro tanto e quedamos en vernos ó día seguinte, que así mo pediu. Funme. Un can de palleiro, co fuciño branco, mãnsiño e esfameado, seguíame temeroso e morto de frío. Deille a merenda que aínda levaba na mochila e agradeceumo coa mirada, seino.

Xa na casa, na rúa de Montero Ríos, non dixen nada. Bebín un vaso de leite e marchei directamente para a miña habitación. Naquel tempo de cavilacións non había lugar para nada que non fose o dichoso extraterrestre. ¿Será certo que os marcianos existen? Estúpida pregunta: eu viña de estar cun deles. Ademais, se na Terra hai terrícolas, en Marte pode haber marcianos. E en Saturno, saturnianos, saturninos...o que sexa. ¿Ou non? Pois iso.

Ó día seguinte, á hora acordada e no lugar escollido, a Porta Miñá da muralla, o meu descoñecido amigo xa me esperaba, ben puntual. Empecei a conversa coma se tivese gana de lerla.

- Tiveches sorte de chegar a Lugo no inverno. Se o chegas a facer no verán, coa calor que vai nesta terra, non sei eu como te fas apañar para pasar desapercibido entre a xente.

- A calor non sería problema. No verán do meu mundo as temperaturas multiplican por vinte as que chegades a ter aquí. E para pasar inadvertido, xa me gobernaría. Na escola paso por ser un neno moi agudo, ¿sabes ... ? ¿Que nome teño que pór ?

- Bianca, pon Bianca. Que é así como me chamo.

- Gústame o teu nome. É moi fermoso.

Deille as gracias e expliqueille a Otrebmuh os atrancos todos que tiveran que superar os meus proxenitores para que os do Rexistro Civil me inscribisen con este título que eu teño.

Cando eu falaba, o extraterrestre premía un botón do seu ordenador e un micrófono recollía as miñas palabras, logo apretaba outro botonciño e a máquina devolvíame a contestación en galego. Así nos fomos entendendo. E así fun sabendo asuntos novos, todos sorprendentes e descoñecidos. Como que tiña os dedos sen unllas, rematados en ventosas, e todos da mesma lonxitude. Que non tomaba alimentos sólidos, unicamente líquidos e pílulas que trouxera do seu mundo. Que non sabía correr. Que agora, cando aquí empeza o inverno, en Marte chega o verán. Que un ano terrestre é o que dura alí un inverno con temperaturas que poden alcanzar os 170 °C baixo cero. Que no seu planeta, outros marcianos teñen confiscadas naves como a *Phobos1* ou a *Marinner3* que, como a *Mars*, foron mandadas a Marte polos americanos e nunca máis souberon delas; uns 200.000 millóns de pesetas soñan en Marte; así imos. E así souben que o reactor no que Otrebmuh chegou ó noso planeta está agachado nunha fraga da Terra Cha, preto de dúas pedras abaladoiras de grande tamaño e dende as que a vista pode alcanzar ata Vilalba, recreándose antes nunha paisaxe típica de carballeiras, piñeirais, regatos, lameiros, labradíos e aldeas. Pero o máis sorprendente de todo foi saber que ese reactor é a mesmísema *Mars Polar Lander*. Otrebmuh, contoume que nunha das súas habituais excursións polo espacio marciano atopouna por casualidade. Púxose a xogar con ela e mesmo foi quen de desentrañar, por completo, os enxeñosos trucos que introduciran os programadores americanos. Velaí pois que, por moito que toleen os da NASA, nunca poderán contactar coa súa nave. O que eu lles diga.

Agora xa todos vostedes saben que foi da *Mars Polar Lander*. Eu gardaría o segredo para sempre se Otrebmuh non me dese autorización para airealo neste conto. Téñano por certo. Que un amigo é un amigo, así teña nome raro e veña de Marte. E non o culpen polo que

fixo, que foi un accidente, xa o dixen. Ademais, prometeume compensar a súa trasnada cunha boa obra para o noso planeta, que en seguida lles refiro. Déixenme antes que lles diga, nunhas liñas, que o meu amigo e máis eu viámonos cada día. Quedabamos sempre na Porta Miñá e, se o tempo o permitía, dabamos longos paseos polo adarve da muralla. ¡Hai, a muralla de Lugo! Este monumento tíñao engaiolado, fascinado, hipnotizado. Vostedes non poden, ou si, entender canto disfrutaba o meu amigo observando dende as alturas os horizontes chairegos, os altos montes lonxanos cubertos de neve, as lentas curvas do Miño, a Catedral ... Todo. Estaba prendado desta grande obra que os romanos empezaron a construír, no século II, sobre unha infinidade de melancolía celta.

E nunha das nosas andadas polo paseo superior da muralla, unha tarde soleada, o día antes de marchar para o mundo do que viña, este adolescente sabio, de intelixencia superior ó que aquí entendemos por un superdotado, sorprendeume de novo. “Cada volta que damos, andamos 2140 m. a unha altura que varía entre os 10 e 15 m. por cinco de ancho. Se non me engaño hai preto de 50 cubos e, seguro, 10 portas; esta mesmo que temos ós nosos pés é a Porta de Santiago, a única que se abría en épocas de peste. Tamén sei que no ano 1921, esta muralla foi declarada Monumento Nacional e que ...” Otrebmuh falaba do monumento coma un libro aberto e eu todo o vía reflectido na pantalla da súa rara maquiñiña.

Xa a piques de rematar o seu discurso, tiven unha idea.

- Non sei se sabes que aquí andamos a facer campaña para que a declaren Patrimonio da Humanidade. E ti podes axudarnos.

- Farei o que me pidas. Fala por esa boca, Bianca.

- Has de escribir unha carta no teu idioma e outra coa tradución ó galego. Mandámolas á UNESCO e xa verás como non se poden resistir por máis tempo a que esta muralla sexa patrimonio de todos. ¿Que che parece?

- Xenial. En seguida me poño a traballar. Pero antes, dime, ¿que é iso da UNESCO?

Sen erguernos das pedras que nos enfriaban o cu, con permiso da cara de vostedes, e mesmo por riba da Porta do Postigo, mirando a fachada principal da Catedral, expliqueille a Otrebmuh que a UNESCO é o organismo que ten a competencia de declarar un ben ou un lugar como patrimonio de tódolos terrícolas, como é o Camiño de Santiago, poño por caso. O meu amigo prometeume pousar no empeño os 14 sentidos que no seu mundo teñen. Traballaba cun entusiasmo tan grande que eu nunca tal vira, por nada, en ninguén dos meus

amigos e coñecidos da Terra. A súa destreza e habilidade para obter información deixábame marabillada, sorprendida, abraiada ... Se queren póñolles outros tres cualificativos máis, pero penso que non paga a pena, que vostedes xa me entenden, ¿ou non?

Antes do solpor, Otrebmuh concluíra o seu traballo. Deumo e díxome: “Como dis ti, Bianca, na UNESCO van flipar cando vexan o que un marciano lles pide.” E escarallámonos, con licencia, a rir; os dous, satisfeitos e convencidos, imaxinando as caras de asombro, estupefactas, dos membros da UNESCO cando tivesen diante deles a increíble petición dun alienígena chamado Otrebmuh Oidnuba. Rimos o que nos deu a gana, e máis.

Pero é certo que aquela alegría tan grande tornouse tristeza e pena na tarde do día seguinte. Un ceo limpo e puro, dun azul pálido, case branco, despregaba sobre Lugo a súa bóveda máis profunda: espertaba un novo día. Pero non outro máis, non. O meu camarada tiña que regresar ó seu planeta, o asteroide X-316-WW. Case xa non tiña píbulas e por outra banda, loxicamente, quería pasar as festas do Nadal no seu mundo e coa súa familia. Na miña moto, unha *Gilera Runner SP* de 50 cc., chegamos ata o lugar onde estaba agachada a *Mars Polar Lander*. A tarde tiña a suavidade e o perfume dunha flor en primavera. Pero a despedida foi triste, tan triste que non quero entrar en miudezas. Abonda con decir que Otrebmuh regaloume o seu ordenador para que puidese contactar con el. E que me prometeu volver.

E co sol a piques de devalar, os motores da nave xa estaban en marcha e o ruído aumentaba con rapidez esaxerada. De contado, a *Mars* fixo coma un furado no medio do ceo da Terra Cha e perdeuse lonxe dos meus ollos que naufragaban, apenados, nun oceano xigante de bagoas. No vasto horizonte, a última luz solar debuxaba un resplandor de brasa, como de incendio. De seguido, toda a planicie luguesa semellaba ensombrecer con tons de cor ladrillo, para acabar no gris azulado da pizarra e morrer no negro máis escuro da noite.

Aínda é hoxe o día que me resisto a crer que poida ter un amigo noutro mundo distinto a este. Pero tíñao e téño. Esta a 252 millóns de quilómetros. Chámase Otrebmuh Oidnuba. Ou, se o prefiren, e para dicilo de maneira máis terrícola e familiar, Humberto Abundio. Que é o mesmo, pero do revés. E esta foi a súa increíble historia.